



ACTA DA ASEMBLEA XERAL 2020

Data: 20/xuño/2020

Lugar: A causa da situación creada a raíz da COVID-19, e en virtude do previsto no Decreto Lei 10/2020 de 27 de marzo, así como nos Estatutos de Som Enerxia SCCL, esta asemblea realízase telematicamente segundo convocatoria na web corporativa de Som Enerxia SCCL.

Hora de inicio: 10:05 h (celebrada en segunda convocatoria).

Hora de finalización: 14:15 h

Listaxe de asistentes: Ver Anexo en versión impresa no Libro de persoas socias.

Documentación vinculada

- [Vídeo da Asemblea](#)
- [Presentación unificada de todos os puntos](#)
- [Páxina web da Asemblea](#)
- [Panel de votacións](#)

Orde do día

Elección das persoas interventoras da acta	3
Benvida	3
Memoria social e económica 2019	4
Contas Anuais 2019	4
Informe da Intervención de Contas	6
Distribución do excedente cooperativo 2019	6
Retorno das mocións aprobadas na Asemblea Xeral 2019	6
· Normalización lingüística	7
· Debate político sobre os PPAs	7
· Participación da comunidade local no financiamento de proxectos	8
Nova proposta para a comercialización de electricidade de Som Energia	8
Entidades aglutinadoras, superar condición de 5 contratos por entidade socia	9
Seguimento das Liñas Estratéxicas e do plan de acción 2020	10
Tipo de xuro anual das achegas ao capital social voluntario	10
Regulamento de Réxime Interno	11
Tarifas eléctricas 2020 – 2021	11
Renovación do Consello Reitor	12
Renovación da Intervención de Contas	12
Aprobación do Orzamento 2020	12
Resposta ás dúbidas presentadas pola base societaria	14
Despedidas da Intervención de Contas	17
Despedidas do Consello Reitor	17
Resultados das votacións	18
Sinatura	22

Acta

Elección das persoas interventoras da acta

A Presidenta do Consello Reitor, Victoria Pellicer, que preside esta Asemblea Xeral 2020, dá a benvinda a toda a base societaria. Exerce de Secretario da Asemblea Roger Reixach, que declara recoñecer a identidade de todas as persoas asistentes. A Presidenta solicita dúas persoas voluntarias como interventoras da acta da asemblea.

Preséntanse Antonio Quijada e Malaquías Jiménez.

Benvinda

A Presidenta do Consello Reitor, Victoria Pellicer, explica que debido á situación creada pola COVID-19 esta asemblea é virtual. Sinala que foi preciso ser creativos para chegar até esta asemblea coa suficiente información para poder exercer o voto con conciencia.

Remarca o sentido da asemblea. Non é un momento puntual, senón unha parada anual para dar conta do que pasou no ano, render contas e escoitar as opinións e posicionamentos conxuntamente, para decidir por onde seguirá a nosa cooperativa.

Sinala as novidades deste ano e que houbo un traballo de afondamento, como no caso da comercialización, así como no da xeración, dado que o contexto enerxético actual abre novas oportunidades. Tamén afondamos na definición das nosas liñas estratéxicas, os procesos de participación, no marco xeral de reforzar os órganos da cooperativa.

Indica as distintas canles de participación da asemblea, para o voto no panel de votación, dúbidas a través do Participa, así como os tempos para cada espazo.

Indica que o equipo técnico está detrás dos temas máis técnicos para que o desenvolvemento da asemblea poida darse con normalidade.

Pasamos a presentar os distintos puntos da Orden do día.

Memoria social e económica 2019

Presenta o punto: Irene Machuca, membro do Consello Reitor.

Documentación vinculada: [castelán](#), [catalán](#), [euskera](#), [galego](#).

Sinálanos que o crecemento segue, aínda que xa é con menor intensidade. Celebráronse os 100.000 contratos. Realizouse o encontro de Grupos Locais, Escola en Mataró, máis inclusiva. Agradece a achega de todas as persoas voluntarias a través dos Grupos Locais, que hoxe non se puideron xuntar para esta asemblea. Especial mención ás compras colectivas a través de 49 GLs dun total de 53. Total 105 instalacións/450 Kwh xerados para a autoprodución.

Contas Anuais 2019

Presenta o punto: Albert Banal, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada:

- Informe explicativo das contas anuais de Som Energia - 2019/Equipo Técnico (català · castelán · [galego](#) · euskara)
- Contas anuais consolidadas Grupo Som Energia - 2019/Auditoría externa (català · castelán · [galego](#) · euskara)
- Informe auditoría independente - Contas anuais consolidadas ([català](#) · [castelán](#))
- Contas anuais Som Energia S.C.C.L. - 2019/Auditoría externa (català · castelán · [galego](#) · euskara)
- Informe auditoría independente - Contas anuais ([català](#) · [castelán](#))

Os resultados da cooperativa en termos globais son positivos. Beneficio neto de máis de 1.000.000 €, en cuanto a xeración as plantas actuaron en positivo cun total de máis de 100.000 €, a representación de Som Renovables ten pouco impacto económico, pois a súa actividade está no seu inicio.

O prezo da enerxía ao mercado grosista diminuíu, xerando un beneficio (marxes maiores). Tamén polo aumento de facturación, crecida en número de contratos e a contención de gastos na liña do crecemento de facturación.

Noméanse as cifras xerais de gasto e beneficio da cooperativa, reflectidos na presentación.

Destacamos a provisión polo IAE, que non se tivo que achegar mais que a futuro pode ser reclamado. Por este motivo, asígnase a perdas. Deste xeito, se os concellos o reclaman estará dispoñíbel. Outro ingreso que se reservou foi o Bono Social, pois tamén pode ser reivindicado pola administración correspondente. O resto de impostos aumentaron, debido ao crecemento.

Gastos salariais: subiron, mais moi en liña co crecemento de facturación, 3,8 %.

En 2018 había 59 persoas empregadas, pasando a 70 en 2019 cun 2,1 de ratio entre o salario máis alto e o máis baixo. Celebramos que haxa pouca desigualdade no Equipo Técnico.

Os gastos en alugueiros aumentan polo crecemento, así como outros gastos, todos en liña coa facturación.

En canto ás subvencións, estas son parecidas ás do ano anterior. Destacamos as participacións con BeeData. Principal diferenza a respecto do ano anterior.

O resto está moi en relación cos anos anteriores. Os beneficios quedan para recursos propios.

Xeración: todas as plantas funcionaron bastante ben. Todas xeraron beneficio neto, menos dúas delas. Máis de 100.000 € de beneficio pola parte da xeración. Duplicouse a xeración de enerxía fotovoltaica, no caso da hidráulica e biogás a produción é semellante.

En canto a Som Renovables, está nos seus inicios, pouca incidencia económica mais agardamos que dea froitos máis adiante.

Informe da Intervención de Contas

Presenta o punto: Albert Banal, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: castelán, catalán, euskera, **galego**.

Explica o informe entregado polas persoas socias voluntarias á Intervención de contas (verifican que o resultado que entregamos hoxe reflicte o obxectivo da cooperativa e é aparte do informe da Auditoría Externa). O informe divídese en tres partes. Análise dos resultados económicos, opinións a respecto dalgunhas variábeis con recomendacións, máis outras opinións e recomendacións de ámbito político. Aquí suxírenos como usar o donativo voluntario, reflexión sobre o número de non socios/usuarios e outras suxestións que poderían converterse en mocións para unha próxima asemblea.

Distribución do excedente cooperativo 2019

Presenta o punto: Albert Banal, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: castelán, catalán, euskera, **galego**.

Neste punto explica o feito de destinalo a reservas da cooperativa. Unha parte é obrigatoria e a outra é levada a votación, para destinar esta parte tamén como fondos da cooperativa.

Retorno das mocións aprobadas na Asemblea Xeral 2019

Presenta o punto: Irene Machuca, membro do Consello Reitor.

Documentación vinculada: castelán, catalán, euskera, **galego**, **vídeo**

As 9 mocións que non se aprobaron poden seguir curso para o próximo ano.

A calidade de participación non radica no número de mocións aprobadas senón na calidade. O exercicio de participación non é a votación en si, senón o traballo previo para ir xerando colaboracións e alianzas para que esta sexa apoiada.

· Normalización lingüística

Presenta o punto: Irene Machuca, membro do Consello Reitor.

Documentación vinculada: [castelán](#), [català](#), [euskara](#), [galego](#)

Nomea os distintos avances neste sentido como son: os manuais de uso nas 4 linguas oficiais. Weblate, integrado en aplicacións para a súa tradución automática. Destaca a colaboración cunha cooperativa de tradución da Xarxa d'Economía Social i Solidària. Durante o 2020 quérese progresar en contidos estáticos como o Centro de Axuda, Participa, etc. E seguidamente, con contidos máis dinámicos en Redes sociais, despois sistema ERP para xerar facturas nos catro idiomas, etc e finalmente para a atención por correo, o servizo personalizado xa é máis complexo.

· Debate político sobre os PPAs

Presenta o punto: Núria Albet, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: [castelán](#), [català](#), [euskara](#), [galego](#)

Indica o marco político. A función cumpriuse e no proceso xurdiron preguntas de debates máis profundos que haberá que continuar a traballar. Explica o proceso participativo. Sinálase como obxectivo dos PPAs axudar a impulsar proxectos para a soberanía enerxética, ter diversificación de fontes de xeración para a cooperativa. Con quen realizar estes contratos tamén importa, por isto habería que considerar criterios. O debate de fondo que se abre é se a cooperativa estaría disposta a pagar máis pola enerxía coa finalidade de desvincularse dun mercado herdado de tradición fósil.

Participación da comunidade local no financiamento de proxectos

Presenta o punto: Sara Gutiérrez, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: _castelán, català, euskara, **galego**

Explica o proceso participativo. Sinala que toda a documentación xerada está dispoñíbel na plataforma Participa. Este punto de momento é informativo, porque cremos que hai que continuar a avanzar. Hai compromiso de crear espazos de debate arredor deste punto, con especial mención a Enerxia Gara Nafarroa, que promoveu esta moción. Indica que non se entrou a falar de comunidades enerxéticas, non era a intención deste proceso participativo. Explicación do contexto da moción, retos para a vinculación local. Nomea os debates tratados de que debates se xeraron alén da propia moción, asumidos como retos para a cooperativa. Menciona o impulso da base societaria e necesidade de mellorar canles de participación para que as propostas que chegan se desenvolvan no seo da cooperativa.

Nova proposta para a comercialización de electricidade de Som Enerxia

Presenta o punto: Roger Reixach, membro do Consello Reitor.

Documentación vinculada: _castelán, _català, euskara, **galego, vídeo**

En primeiro lugar, dá os parabéns ao equipo técnico na mellora da disposición da información para toda a base societaria.

Explica antecedentes arredor da comercialización da electricidade. Indica os puntos a tratar nesta asemblea, para unha evolución deste ámbito da cooperativa.

Seguidamente, comenta os criterios actuais da cooperativa para o cálculo dos ingresos a obter, baseándose na marxe bruta. Explica que inconvenientes ten o actual marco ante o crecemento estrutural da cooperativa coa volatilidade do prezo da enerxía, por exemplo. Por iso valóranse outros modelos, como o que se basea no EBITDA, que non dependen do custo da enerxía e baséase nos beneficios antes

de xuros e impostos. Para asegurar que os gastos da cooperativa se conteñen, deberíamos definir controis económicos, indicadores.

Nomea o cuestionamento do bono social na factura. Indica as razóns e a proposta para a votación.

Resumo de puntos, vinculados a dúbidas sobre as tarifas eléctricas realizadas até agora, como son os contratos con pouco consumo, revisión de prezos antes da asemblea (como está establecido), solicitudes de tarifas indexadas e, finalmente, o cambio importante previsto da normativa actual no mercado eléctrico español.

Finalmente, entra na nova proposta para a aplicación da marxe de comercialización. A súa aplicación sería en canto entrase en vigor o cambio de peaxes.

Analízase a revisión da vixencia dos prezos fixos, nomeando o percorrido a día de hoxe e sinalando inconvenientes e vantaxes. Exponse a nova proposta.

Como último punto, revisión das tarifas. Posibilidade de tarifas indexadas incorporando elementos que eviten movementos oportunistas dunha tarifa a outra. Coméntase o resultado da enquisa.

(Victoria Pellicer lembra á base societaria as distintas canles de participación.)

Entidades aglutinadoras, superar condición de 5 contratos por entidade socia

Presenta o punto: Sara Gutiérrez, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: _castelán, català, euskara, **galego**

Explica a conxuntura actual, con exemplos de entidades aglutinadoras xa socias da cooperativa. Explica obxectivo desta figura, e a súa diferenza coa intercooperación. Explícase a proposta, como criterios a cumprir: esíxese que a entidade cumpra 1 dos 5 criterios. Explícase a condición xurídica a cumprir pola entidade e o seu compromiso coa transición enerxética.

Seguimento das Liñas Estratéxicas e do plan de acción 2020

Presenta o punto: Carme Sala, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: castelán, català, euskara, **galego, vídeo**

Explica onde se atopa toda a información da asemblea en relación con estas liñas estratéxicas.

Comézase o reconto pola primeira liña, LE1: sinala a creación das vogalías e as súas funcións. Para o próximo ano contéplase desenvolver o rol de socia traballadora. Na LE2, como o Participa está en permanente evolución dáse por inconclusa. No próximo ano contéplase desenvolver o plan de xénero. LE3: identificáronse os GL máis activos, agradecendo o seu interese. Contéplase continuar en 2021 co mapeo dos GL segundo a súa actividade. LE4: preséntase a creación dunha fundación para a xestión do donativo voluntario. Prevese un crecemento en comercialización. LE5: implicarse co intercooperativismo, entrouse en unión de cooperativas. Avanzar nesta liña LE6: activismo en autoconsumo. Quérese estar presente noutros ámbitos. LE7: destacar os informes enerxéticos para empresas. Dáse prioridade a este punto. En autoprodución, moi destacado, as compras colectivas están en marcha, 20 en total. Para o próximo ano proponse avanzar en autoprodución comunal (pequenas comunidades enerxéticas). Destaca o apoio financeiro de proxectos de xeración, automatización da xestión das plantas e apoiar debates arredor da xeración. En canto á pobreza enerxética non se puido asinar ningún documento e emprázase para este próximo curso. En canto a formación, estanse a construír 4 cursos para a base societaria e o Consello Reitor, para o seu lanzamento prevese alianza con outras entidades con experiencia en formación. Sinala a representación das propias plantas, e o feito de fomentar e apoiar entidades vinculadas á mobilidade eléctrica. Apunta que hai que seguir no debate do modelo enerxético, sobre todo na flexibilización da demanda. Finalmente, lembra onde se atopa esta información de xeito máis exhaustivo.

Tipo de xuro anual das achegas ao capital social voluntario

Presenta o punto: Ero Lugilde, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: castelán, català, euskara, **galego**

Explica contexto económico, sinalando que non repercute en grandes mudanzas e que por iso se continúa a pensar que non hai motivos para alterar este xuro.

Regulamento de Réxime Interno

Presenta o punto: Núria Albet, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: castelán, català, euskara, **galego, vídeo**

Explícanos por que se modifica o RRI. Impulso por parte do CR de querer formalizar o seu rol e responsabilidades, ademais de organizar o seu ingreso. Finalmente, todo isto queda ordenado con este regulamento. Trabállase partindo dun marco xeral e baixando a ámbitos máis concisos. Comenta que houbo algúns cambios leves despois da sesión virtual previa á asemblea. Sinala que o CR entende este documento como unha cousa viva e en evolución, ao tempo que debe ser simple e fácil de entender. Sinala as novidades: a súa introdución define para que serve o documento e como se xestiona. En canto ao CR, formaliza o proceso de candidaturas e a súa formación despois do ingreso no órgano. O documento incorpora as vogalías do CR. Sinálanse as modificacións e matices de redacción. Finalmente, relaciona os puntos aprobados en asembleas anteriores. Noméanse puntos pendentes a desenvolver que xurdiron no encontro virtual previo á asemblea.

Tarifas eléctricas 2020 – 2021

Presenta o punto: Roger Reixach, membro do Consello Reitor.

Documentación vinculada: castelán, català, euskara, **galego**

Indica que nas novas tarifas se aplicarán criterios de anos anteriores e posteriormente, segundo votación, aplicaranse mudanzas. Explica as variábeis que entran na definición do prezo da enerxía. Este ano baixou o prezo no mercado grosista. En cambio, o prezo GenerationKwh mantense estábel. Comenta o cadro de resumo que informa dos prezos das novas tarifas. En canto a modalidade de autoprodución, hai unha revisión do proceso do ano pasado; conclúese que non se puido cumprir debido a atrasos na normativa, xestión por parte de empresas distribuidoras. Nomea algunhas cifras que reflicten estas dificultades. Explica que, segundo o resultado da enquisa, non se ve unha posición clara a respecto dos contratos desta modalidade. Por isto, de momento pénsase continuar como está. En canto a cambios na estrutura de peaxes, explica o atraso debido á situación da COVID-19. Explica o que representaría esta reforma, informando de onde se atopa a documentación desta previsión.

Renovación do Consello Reitor

Presenta o punto: Victoria Pellicer, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: castelán, català, euskara, **galego**, **vídeo**

Victoria Pellicer introdúcenos as candidaturas presentadas. Celebra que hai varias candidaturas presentadas e fai un especial agradecemento. Este ano hai dispoñíbeis 2 prazas. Informa de onde atopar as postulacións e nomea as distintas candidaturas, desexando sorte aos candidatos.

Renovación da Intervención de Contas

Presenta o punto: Victoria Pellicer, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: castelán, català, euskara, **galego**

Victoria Pellicer explica onde están expostas as distintas candidaturas, no Participa, e agradece a súa presentación.

Aprobación do Orzamento 2020

Presenta o punto: Albert Banal, membro do Consello Reitor

Documentación vinculada: castelán, català, euskara, **galego**, **vídeo**

Explica que o orzamento é en relación cos resultados do ano anterior 2019, así que non se reflicte unha afectación pola pandemia, só haberá algúns matices que terán mudado e non será moi diferente. Sinala que a parte dos ingresos será moi semellante aos resultados deste ano. Mais o orzamento que se leva a votación é o que aprobou o Consello Reitor a final do ano 2019. O orzamento de 2020 é, en termos xerais, semellante ao do ano anterior. Prevese unha baixada de beneficios dun 7 %. Isto vén dado por tres partes. Nun primeiro lugar, na parte de ingresos prevíase un incremento do 16 %, en canto a gastos un incremento un pouco superior, 30 - 40 %, e na parte doutras partidas e tributos unha baixada. En canto aos ingresos, daquela, previamos o mantemento das tarifas, un crecemento dos contratos e Kwh facturados, e unha estrutura da demanda sen moitos cambios, dando como previsión un incremento dun 16 % de ingresos. En consonancia, en aprovisionamento de enerxía tamén se prevía este incremento do 16 %. En canto ao ámbito de gastos, prevírase incrementar nas partidas como salarios, explotación e gastos comúns. Sinala que o incremento superior destes gastos, en relación cos ingresos, é debido ao crecemento do Equipo Técnico, porque finalmente as contratacións pendentes do 2019 se realizaron en 2020 para ter a estrutura que permita funcionar axeitadamente; é a actualización dunha estrutura deficiente anterior. En canto a gastos de explotación, destaca o incremento da partida para formación, comunicación (para celebrar o 10 aniversario da cooperativa) e algunha outra partida como edificios (por crecemento). Daquela, increméntanse os gastos de explotación nun 40 %. En resumo, os ingresos aumentan un 16 %, os gastos un pouco máis, mais contemplando redución doutras partidas, sobre todo en relación cos tributos, concretamente a respecto do IAE, que pasa a ser de 0. En canto ao resultado financeiro, previamos redución de dividendos do INECO, debido á baixada do prezo da electricidade e tamén se contabilizan os xuros a pagar polas achegas ao capital voluntario correspondentes á emisión do mes de marzo.

Finalmente, sinala algúns dos cambios debido á Covid-19. O orzamento segue moi parecido ao previsto. Prevese unha baixada substancial do prezo da enerxía e, en consecuencia, dos ingresos: Baixamos tarifas, mais a enerxía pagarémola menos cara e, polo tanto, finalmente sairá unha marxe de explotación un pouco superior. En relación coa partida de tributos que se reducía, finalmente continuamos

introducindo a súa provisión por se hai que pagar os tributos. Engade que se incrementou a provisión por impagamentos debido á situación xerada pola pandemia. Aínda así, en termos xerais o que se agarda para este 2020 é moi semellante ao presentado como orzamento.

Fin dos puntos da orde do día -

Victoria Pellicer retoma o fío e informa dos seguintes pasos e os seus tempos correspondentes. Lembra que se poden canalizar as dúbidas a través do Participa.

Realízase unha pausa, aínda que a retransmisión da asemblea continúa pola canle de Youtube. Durante este intervalo de tempo, móstrase en pantalla como a base societaria pode introducir as súas dúbidas no Participa, a fin de que o Consello Reitor poida respondelas.

Ás 12:30 h péchanse as canles de recepción de dúbidas e o Consello Reitor reúne-se xunto co equipo técnico para preparar as respostas ás dúbidas recibidas.

Ás 13 h retómase a actividade da Asemblea respondendo as dúbidas. Os distintos membros do Consello Reitor son os encargados de respondelas.

Victoria Pellicer explica que se dá prioridade ás dúbidas que teñen que ver con puntos levados á votación e que despois se responderán outras dúbidas referentes aos puntos de información.

Resposta ás dúbidas presentadas pola base societaria

Albert Banal responde a pregunta referente aos cambios no céntimo voluntario e explica que durante o ano habería que crear unha moción para levar a votación o ano seguinte. Así como a reformulación en canto a estratexias de xeración, enfocándoa máis no autoconsumo. É un debate pendente para este ano, así que haberá oportunidade para poder debater. Responde as preguntas sobre o GenerationKwh de xeito conxunto, recoñecendo que, efectivamente, unha das plantas ten perdas. O feito de que o prezo da enerxía baixara afecta ao resultado de todas as nosas plantas, tendo unhas rendibilidades máis baixas. Aínda que todo iso

se compensa con máis beneficios na parte de comercialización. Basicamente, os 35.000 € que se indican son perdas asumíbeis, polo que representa o GenerationKwh no cambio de modelo.

En relación co tema dos prezos da enerxía, dicir que en setembro estabamos moi na liña do orzamentado, mais que nos últimos meses baixaron moito máis do prognosticado, de xeito inesperado, dando uns beneficios moito máis altos que os que tiñamos en anos anteriores.

En termos da estratexia de xeración, falábase de valorala e está previsto traballala durante este curso, para decidir entre todas como seguimos asumindo este tema, sobre todo tendo en conta a baixada xeral do prezo da enerxía e os cambios que se prevén neste sector.

En canto ás achegas ao capital voluntario para os proxectos de La Tejería, as emisións non serían até 2022 ou 2023.

Victoria Pellicer explica como se distribúen as respostas ás preguntas.

Núria Albet explica que a distribución do céntimo voluntario é un tema político que o CR ten identificado e que se prevé desenvolver no próximo año.

Sara Gutiérrez explica que o punto a votar sobre entidades aglutinadores se propón para ampliar mecanismos e ter máis contratos, mais se se reformula o crecemento da cooperativa habería que reformular un debate no ano. Cremos que se debe levar a votación para que a base societaria decida se quere amplialos ou non. Aclara que será a entidade que aglutina a que será socia e terá voto, os membros serán clientes/usuarios. O obxectivo da proposta é ampliar contratos de equipamentos, non-domésticos.

Irene Machuca, sobre os mínimos apoios que precisa unha moción, explica que o feito de que as mocións non recibiran este mínimo de apoios pode ser porque non suscitaron interese ou ben porque se poñen en relación con outras distintas propostas e os recursos dispoñíbeis. As mocións recibiron un número importante de visualizacións no Participa mais foi insuficiente a votación. Explica que se toma nota deste cuestionamento dos 500 apoios, para reformulalo se fose preciso, e lembra que a participación é previa á votación, dáse nun traballo en rede, xa sexa en Grupos Locais, levar ao Participa para medir o interese e continuar a traballar para que sexa unha moción de calidade, con calidade democrática. Convida a un traballo elaborado e con moitas persoas.

Ero Lugilde explica como se fixan algunhas das partidas orzamentarias para 2020. A partida orzamentaria de GLs fai referencia a dous conceptos: encontro anual GLs e orzamento que se asigna a cada Grupo Local que xestionan de forma autónoma. Gastos salariais: o aumento desta partida explícase por un reaxuste, xa que as condicións laborais eran inxustas, e nalgúns casos era deficitario, tendo que adaptar soldos ás necesidades da cooperativa. Como exemplo, equipo de finanzas era 1 persoa e serán 6, mais continúa a ser deficitario, como manifestan os interventores de contas da cooperativa. A respecto doutros ingresos, son a suma doutros ingresos de carácter minoritario, por exemplo, os socios cando se inscriben a compras colectivas fan unha achega, e unha parte é da cooperativa; tamén cando hai unha segunda devolución de recibo hai un cargo de 3 €, etc. A respecto do concepto de facturación de sociedades participadas, calcúlase a través do custo que xeran as sociedades participadas a Som Enerxía. Estas empresas son un ente xurídico mais quen as posúe e xestiona é Som Enerxía, cun custo salarial, e que ademais os provedores por comodidade presentan as facturas a Som Enerxía e despois trasládase este custo ás sociedades participadas. Seguindo o fío de preguntas, indica que en canto a axudas pola situación creada pola, Covid-19, a cooperativa non solicitou ningunha axuda, por agora, a priori, non se precisa, mais evidentemente sempre coa ollada en que estes fondos están e que como cooperativa podemos dispor. Aclara que a diminución de ratios de liquidez e proba defensiva non é preocupante e que indica a cantidade de diñeiro efectivo que ten a cooperativa por euro de débeda a curto prazo. Até agora podíamos devolver 5 veces cada euro debido, tendo diñeiro sen uso. Daquela, reduciuse para que xere produtos, proxectos e máis satisfacción das nosas persoas socias.

Albert Banal explica orzamento de IT, recursos humanos de informáticos, software, etc. Este aumenta para automatizar ao máximo os procesos da cooperativa. Por isto se están a destinar máis recursos. Todo isto para compensar o déficit de anos anteriores. Na mesma liña, en xerencia, había unha partida destinada. Explica que se estivo a traballar o modelo de xerencia (dentro do marco da reorganización da cooperativa) e contéplase unha segunda persoa na función de xerencia. De momento non a hai e seguramente a final de ano será menor a partida destinada a este concepto.

Eduard Quintana do equipo Técnico aclara os puntos de comercialización. Pregúntase se en cada factura se podería reflectir a achega ao gasto estrutural da cooperativa. Aclara que estes custos estruturais se reflicten nos informes de contas anuais, e presentalo en cada factura non sería unha fotografía fidedigna da realidade, polo tanto non tería sentido. En todo caso, si podería verse reflectido

como unha estimación. Por outro lado, explica a respecto do tema de compra ao mercado a futuros que o ano pasado pagamos máis que se estivésemos a comprar enerxía ao mercado diario. Efectivamente, este ano foi máis caro a futuros. Como nos comprometemos á estabilidade, cun prezo coñecido, este ano houbo esta diferenza. Mais no ano 2018 foi un efecto contrario, nós cubrimos con custos coñecidos, e pola crise nuclear en Francia, ademais dun inverno máis desfavorábel climaticamente, a enerxía a mercado diario foi máis cara. Entón, o tema é a estabilidade fronte á volatilidade do mercado. Finalmente, a respecto da pregunta sobre a actividade de representación, indícase que é unha actividade que está a comezar e haberá que ver canto tardamos en ofrecer un servizo coa mesma calidade que as demais empresas.

Núria Albet responde unha pregunta específica a respecto do RRI, sobre a diversidade de xénero. Explica que a proposta no RRI en canto á diversidade de xénero, (e cita o texto) fai un primeiro paso vinculando a diversidade social da cooperativa. Mais tendo en conta que o Equipo técnico xa está a traballar na liña de diversidade de xénero e que formamos parte da rede de economía social e solidaria, preténdese que todos os ámbitos da cooperativa traballen neste sentido e se vaian realizando as reflexións pertinentes.

Victoria Pellicer retoma pechando o espazo de resolución de dúbidas. Sinala o censo de votación cun total de 500 persoas inscritas e que só votaron 300. Anima á votación. Prosegue para a despedida dos dous compañeiros que foron interventores de contas, agradecendo o seu compromiso. Deixando espazo para expresarse.

Despedidas da Intervención de Contas

Santi Martí. Agradece aos socios estes 3 anos de Intervención de contas. Orgulloso do traballo realizado. Mostra o agasallo como símbolo do esforzo realizado. Sinala os aspectos de aprendizaxe e colaboración.

Santi Andorrà dá as grazas á cooperativa por poder estar nesta función e achegar o seu gran de area. Anima os socios á participación para que o proxecto sexa máis forte e mellor. Mostra o seu agradecemento ao Equipo Técnico, persoalmente a Carles e Lorena, como aos demais compañeiros de Intervención de contas.

Despedidas do Consello Reitor

Carme Sala. Sinala que é unha despedida relativa, pois pretende seguir desde o GL de Lérida. Quere sinalar que neste traballo intenso sentiu que Som Energia é como unha illa nun océano, unha illa exuberante que se dá polos vínculos entre persoas, enerxía entre mans da cidadanía. Coa formación permanente e sensación de que nos estamos a nutrir, mais advirte de que está nunha contorna complexa con entidades cada vez maiores. Debemos ser conscientes diso, e unírnos a outras illas. A nivel persoal, comparte que nestes anos aprendeu que hai que establecer un compromiso cun/cunha mesmo/a, pois para mudar o mundo hai que facer mudanzas desde un mesmo. Así aprendín que a mellor decisión é a que se constrúe conxuntamente, hai que saber escoitar. Aproveita este momento para esta reflexión. Agradece e desexa sorte a todos.

Victoria Pellicer retoma coa súa despedida, emocionada tamén. Reconta os cinco anos no Consello Reitor. Agradecer e recoñecer. No primeiro, polo aprendido, grazas aos amigos e amigas na ilusión por este proxecto. En segundo lugar, necesidade de recoñecer todo o que achegaron as persoas no que é hoxe Som Energia. Recoñecer o compromiso para este proxecto. Sexa no Consello Reitor, na base societaria, Grupos Locais, no Equipo Técnico, xerencia, interventoras, outras organizacións amigas coas que establecemos colaboracións, etc. Indica que nun contexto que pode ser catastrofista, a cooperativa é unha proposta positiva que encarna outros valores. Despídese, aínda que continuará noutros espazos participativos que ofrece a cooperativa.

Roger Reixach, en nome do resto do CR, agradece a Vicky e Carme, quere dar a coñecer que elas deron moito delas dúas, con moito criterio, dando lección do traballo en equipo, os coidados e a xestión democrática y que queda como herdanza para a cooperativa.

Irene Machuca súmase a este agradecemento emocionado por parte dos membros do Consello Reitor, porque sente que nestes anos elas dúas ensinaron moito e que o ciclo continua. Este foi un ciclo marabilloso que creou un forte vínculo.

Ero Lugilde súmase ao agradecemento, así como o resto dos membros do Consello Reitor.

Resultados das votacións

Total de persoas no censo		589		
Pregunta	Positivos	Negativos	Abstención	Aprobado ?
1: Aprobas as contas anuais de 2019?	455	3	131	Si
2: Aprobas a distribución do excedente cooperativo de 2019?	457	4	128	Si
3: Aprobas que cada ano se realice o orzamento buscando obter entre un 0,5 % e un 2 % de resultados en relación cos beneficios antes de xuros e impostos (EBITDA)?	414	37	138	Si
4: Aprobas que nas contratacións xerais se aplique o cargo do bono social en cada factura de xeito visíbel?	425	33	131	Si
5: Aprobas que no deseño dos prezos de venda se aplique a marxe de comercialización de xeito que, como mínimo, un 70 % estea no termo enerxía e, como máximo, un 30 % estea no termo potencia?	361	79	149	Si
6: Aprobas substituír na tarifa de prezo fixo a revisión anual, por unha revisión semestral?	412	53	124	Si

7: Aprobas que ofertemos, ademais das tarifas a prezo fixo, tarifas indexadas de mercado para toda persoa que queira, incorporando elementos que limiten a frecuencia na que se pode cambiar de modalidade de tarifa (entre a fixa e a indexada, e viceversa)?	382	62	145	Si
8: Aprobas ampliar os mecanismos de contratación sen ser asociado/a para aceptar que as entidades aglutinadoras que sexan socias de Som Energía e que cumpran cando menos un dos criterios definidos polos acordos de intercooperación e asinen o convenio poidan superar o límite de 5 convites para apadriñar os contratos de luz dos membros, da entidade aglutinadora, que queiran acollerse?	372	82	135	Si
9: Aprobas manter o xuro ás achegas voluntarias ao capital social para o exercicio 2020 no 1,75 %?	433	10	146	Si
10: Aprobas o Regulamento de Réxime Interno? (maioría reforzada)	403	8	178	Si
11: Aprobas o orzamento 2020?	426	13	150	Si

Consello Reitor



Assumpta Farran Poca (277)



Ricard Jornet Ginestà (181)

Intervención de Contas



Carles Cuadern Codina (192)



Quim Ruiz Querol (137)

Sinatura

Victoria Pellicer, presidenta	Roger Reixach, secretario
Despois de ler o contido desta Acta, asínoa e apróboa aos efectos oportunos na miña condición de interventor:	
Malaquias Jiménez, Interventor da acta	Antonio Quijada, Interventor da acta